

Acta da Xunta de Escola ordinaria do 3 de marzo de 2021

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 03/03/2021
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 03/03/2021
- III. [Informe da Directora](#)
- IV. Proposta de límite de prazas
 - a. Grao en Enxeñaría da Enerxía
 - b. Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
- V. Proposta de materias optativas
 - a. Grao en Enxeñaría da Enerxía
 - b. Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
- VI. Propostas PDA dos Graos para o curso académico 2021-2022
 - a. Proposta PDA G290V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía (vello)
 - b. Proposta PDA G291V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía (novo)
 - c. Proposta PDA G310V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (vello)
 - d. Proposta PDA G311V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (novo)
 - e. Listaxe priorizada de departamentos
- VII. Proposta PDA do Máster en Enxeñaría de Minas para o curso académico 2021-2022
- VIII. Memoria económica do ano 2020
- IX. Orzamento para o ano 2021 e rexistro R1-IA01 Necesidades de recursos e servizos do procedemento IA01 Xestión de recursos materiais e servizos do Plan de Calidade
- X. Rexistro R1-DO0301 P1 Verificación/chequeo de información pública do procedemento DO0301 Información pública e rendemento de contas do Plan de Calidade

Ábrese a sesión ás 13 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Directora, dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

- 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o 16 de decembro de 2020.**

O borrador da acta achegouse por correo xunto coa convocatoria.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, as actas das devanditas sesións; estas serán publicadas na web do centro, na sección Escola / Ordenación Interna / Xunta de Escola de acceso libre:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/xunta-de-escola/>

- 2. Informe da Directora**

O informe da Directora recóllese no [Anexo III](#).

- 3. Aprobación, se procede, do límite de prazas para o acceso ao primeiro curso dos graos impartidos nesta escola, así como do límite de prazas por traslado para o acceso a ditos graos para o curso académico 2021-2022.**

A proposta presentada pola dirección (Anexo IV) é a mesma para os dous graos impartidos nesta escola e mantén os criterios do curso pasado: 50 prazas de acceso directo a cada un deles, destinando unha cota para o acceso por traslado de expediente: 2 con estudos estranxeiros e 8 con estudos nacionais.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a proposta de límite de prazas.

- 4. Aprobación, se procede, das persoas responsables da coordinación para o curso académico 2021-2022.**

A Directora amosa a proposta de persoas coordinadoras para o curso académico 2021-2022:

Coordinación	Responsable
GRAO EE	Francisco Javier Deive Herva
GRAO ERME	María Araújo Fernández
MÁSTER UEM	Elena Alonso Prieto
1º CURSO GRAOS	Elena González Rodríguez
2º CURSO GRAOS	Pablo Eguía Oller
3º e 4º CURSO EE	Marcos Conde Fontenla
3º e 4º CURSO ERME	Fernando García Bastante
PRÁCTICAS EXTERNAS GRAOS e MUEM	Javier Taboada Castro
1º CURSO MUEM	Guillermo García Lomba
2º CURSO MUEM	Marta Cabeza Simó
CALIDADE MUEM	María Araújo Fernández
PROGRAMA MEET/PIUNE	Ángeles Domínguez Santiago

DIFUSIÓN	José Santiago Pozo Antonio
CALIDADE	Guillermo García Lomba
IGUALDADE	Generosa Fernández Manín
CNL	Elena Alonso Prieto

A Directora agradece ás persoas da listaxe a súa colaboración co centro e tamén as persoas que o fixeron ata o curso actual: Eduardo Giráldez, Teresa Rivas e Ángeles Saavedra.

A Xunta de Escola aproba a proposta por asentimento.

5. Aprobación, se procede, da bolsa de horas de recoñecemento de actividades de xestión docente para o curso académico 2021-2022.

A Directora sinala que a bolsa de horas de recoñecementos docentes para o curso 2021-2022, unha vez descontadas as horas de recoñecemento correspondentes aos coordinadores dos graos, é de 145 horas. A proposta da dirección para a asignación da bolsa de horas do centro é a seguinte:

Nome do profesor/a	Categoría	Nº horas	Nome do recoñecemento
Francisco Javier Deive Herva	CD	18	Coordinación Grao
María Araújo Fernández	CD	18	Coordinación Grao
Pablo Eguía Oller	TU	12	Organización Docente
Fernando García Bastante	TU	9	Organización Docente
Marcos Conde Fontenla	AD	9	Organización Docente
Elena González Rodríguez	TU	9	Organización Docente
Guillermo García Lomba	TU	20	Apoio á Calidade
Ángeles Domínguez Santiago	TU	10	Apoio á Calidade
Generosa Fernández Manín	TU	10	Apoio á Calidade
Benito Vázquez Dorrió	TU	15	Captación de Estudantes
Teresa Rivas Brea	TU	10	Captación de Estudantes
David Patiño Vilas	TU	5	Captación de Estudantes
TOTAL		145	

A Directora sinala que Bienvenido Díez, Marta Cabeza, Santiago Pozo e Javier Taboada renunciaron á súa bolsa de horas polas actividades que desenvolven e lles agradece a súa colaboración.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a asignación proposta da bolsa de horas do centro.

6. Aprobación, se procede, da oferta de materias optativas para as titulacións de Grao impartidas nesta Escola para o curso académico 2021-2022.

A proposta presentada pola dirección (Anexo V) consiste en manter a oferta actual de optativas. A Xunta de Escola aproba a proposta por asentimento.

7. Aprobación, se procede, do encargo de docencia (PDA) do Grao de Enxeñaría de Recursos Mineiros e Enerxéticos e do Grao de Enxeñaría da Enerxía, para o curso académico 2021-2022.

A Directora lembra que o curso actual se fixo unha reorganización das ensinanzas para dar resposta a unha situación sobrevida (adaptarse aos aforos reducidos das aulas) sen modificar os PODs xa aprobados. Deste xeito, houbo que facer desdobramentos de grupos coa asunción de horas a maiores por parte do profesorado de xeito voluntario. Quere aproveitar para poñelo en valor e agradecer o traballo e a colaboración a todo o profesorado que impartiu docencia extra. E tamén sinalar que esta foi unha solución puntual para resolver unha situación sobrevida, pero que non se pode plantexar de novo. Indica que para o próximo curso hai que plantexar a PDA cos mesmos aforos reducidos. O obxectivo do centro é manter a presencialidade completa da docencia, a lo menos no primeiro curso, desdobrando grupos A e tendo en conta a folgura dos departamentos. Ademais, o próximo curso corresponde a implantación do segundo curso dos plans novos o que supón que o alumnado nas materias de segundo é soamente o alumnado provinte do primeiro curso deses plans. A intención da dirección é manter a oferta das materias do Plan de Internacionalización e da mención de Enxeñaría de Materiais (último ano no que se podería ofertar no plan vello).

A continuación comenta a proposta enviada (Anexo VI), que ten en conta todos os condicionantes sinalados. Aclara que a proposta excede as horas da PDA teórica pero que aínda así, supoñe unha redución importante fronte á PDA do curso actual.

Ábrese unha quenda de intervencións:

Alfonso Mandado comenta un erro entre a PDA e a solicitude de materias optativas (punto 6) en canto ao número de grupos. A Directora responde que ten razón e que vai corrixirse en todas as materias optativas.

Finalmente, a Directora comenta a proposta da dirección relativa á listaxe priorizada de departamentos (Anexo VI-e); sinala que é a mesma de anos anteriores e que, para as materias do plan novo, se tiveron en conta as materias de orixe. A única novidade é que para a materia nova Xeoloxía: Xeoloxía propónse compartir o encargo docente entre os dous departamentos que a solicitaron os últimos cursos: 30HA e 4HC para o departamento *DC10 Xeociencias mariñas e ordenación do territorio* e 16HB para o departamento (*Área de Prospección e investigación mineira*).

A Xunta de Escola aproba as propostas de PDA por asentimento. A Directora agradece a María Araújo a elaboración das PDA dos graos.

A Xunta de Escola aproba a proposta por asentimento.

8. Ratificación, se procede, do encargo de docencia (PDA) do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas para o curso académico 2021-2022.

A Directora amosa a proposta de PDA do máster (Anexo VII) que foi aprobada pola Comisión Académica do Máster e sinala que é a mínima posible.

A Xunta de Escola ratifica a proposta de PDA por asentimento.

9. Aprobación, se procede, da memoria económica do ano 2020.

Amosa o documento (Anexo VIII) e cede a palabra a Francisco Deive, Subdirector de Infraestrutura e Asuntos Económicos, quen comenta que é similar ao do ano anterior salvo varios axustes debidos á pandemia, como poden ser a redución nos gastos de transporte ou o aumento en virucidas.

A Xunta de Escola aproba a memoria económica por asentimento. A Directora agradece a Francisco Deive e Ana Cacheiro a elaboración do documento e o traballo de xestión da execución do orzamento do ano 2020 e o fai extensible a David Patiño que foi quen fixo a meirande parte do traballo de execución do gasto.

10. Aprobación, se procede, do orzamento para o ano 2021.

A Directora sinala que o orzamento do ano 2021 é similar ao do ano 2020.

Amosa o documento (Anexo IX) e cede a palabra a Francisco Deive, Subdirector de Infraestrutura e Asuntos Económicos, quen comenta que se manteñen os criterios de distribución dos créditos de gasto dos anos anteriores e sinala os datos máis relevantes das táboas incluídas no documento.

A Xunta de Escola aproba o orzamento por asentimento. A Directora agradece a Francisco Deive e Ana Cacheiro a elaboración do documento e a David Patiño pola fase inicial da preparación do documento.

11. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

A Directora indica que a documentación se achegou coa convocatoria da Xunta de Escola e foi aprobada na Comisión de Calidade da EEME do 3 de marzo de 2021.

Comenta que o rexistro **R1-IA01 Necesidades de recursos e servizos** do procedemento IA01 Xestión de recursos materiais e servizos é un rexistro relativo á distribución de créditos do orzamento correspondente ao ano 2021 e se corresponde ao documento que se ven de aprobar no punto anterior (Anexo IX).

A continuación sinala que o rexistro **R1-DO0301 P1 Verificación/chequeo de información pública** consiste nun chequeo do estado da información pública do centro. Sinala que Francisco Deive, como novo membro do equipo directivo, levou a cabo unha revisión da accesibilidade á información pública seguindo o *check list* recollido no novo procedemento **DO0301 Información pública e rendemento de contas**. Tomando este informe como punto de partida, a Directora e o Coordinador de Calidade elaboraron o documento final (Anexo X). O comenta brevemente e suxire a posibilidade de pedirlle ao alumnado que faga un chequeo similar para mellorar a accesibilidade da web.

A Xunta de Escola aproba por asentimento os dous rexistros de Calidade.

A Directora agradece a Guillermo García a xestión da documentación relativa ao Plan de Calidade do centro.

12. Rogos e preguntas.

Non hai.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 14 horas e 5 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a tres de marzo de dous mil vinte e un.

Vº e Prace

A Directora

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 03/03/2021

ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 03/03/2021

ASISTENTES Á XUNTA DE ESCOLA DO 03/03/2021

Persoal Docente e Investigador

1. Alejano Monge, Leandro
2. Alonso Prieto, Elena
3. Araújo Fernández, María
4. Cabeza Simó, Marta
5. Conde Fontenla, Marcos
6. Deive Herva, Francisco Javier
7. Domínguez Santiago, Ángeles
8. Eguía Oller, Pablo
9. Feijoo Lorenzo, Andrés Elías
10. García Bastante, Fernando
11. García Lomba, Guillermo
12. Giráldez Pérez, Eduardo
13. Goicoechea Castaño, María Iciar
14. González Rodríguez, Elena
15. Liz Marzán, Eduardo
16. Mandado Vázquez, Alfonso Modesto
17. Patiño Vilas, David
18. Pérez Pérez, M^a Carmen
19. Pozo Antonio, José Santiago
20. Rivas Brea, Teresa
21. Rodríguez Liñares, Leandro
22. Rodríguez Rodríguez, Ana María
23. Taboada Castro, Javier
24. Vijande López, Javier
25. Villanueva Torres, Daniel

Alumnado

26. Barreiro Cal, Borja
27. Bastos Recarey, Pedro
28. Caride Pérez, Marta María
29. Casal Barreiro, Alejandro
30. Cuñado Juncal, Iago
31. Domínguez Blanco, Santiago
32. Filgueira Sánchez, Carmen
33. Marcelino Rosa, Luis Henrique
34. Montenegro Vázquez, Iván
35. Parente Artime, Belén

Persoal de Administración e Servizos

36. Romo Pérez, M^a del Carmen

Desculparon a súa ausencia:

- Andrés Herguedas, Laura
- Vázquez Dorrió, José Benito

ANEXO III

Informe da Directora

ANEXO IV

Proposta de límite de prazas

- a. Grao en Enxeñaría da Enerxía
- b. Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos

ANEXO V

Proposta de materias optativas

- a. Grao en Enxeñaría da Enerxía
- b. Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos

ANEXO VI

PDA dos Graos para o curso académico 2020-2021

- a. Proposta PDA G290V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía (vello)
- b. Proposta PDA G291V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía (novo)
- c. Proposta PDA G310V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (vello)
- d. Proposta PDA G311V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (novo)
- e. Listaxe priorizada de departamentos

ANEXO VII

Proposta de PDA do Máster en Enxeñaría de Minas
para o curso académico 2020-2021

ANEXO VIII

Memoria económica do ano 2020

ANEXO IX

Orzamento para o ano 2021 / Rexistro R1-IA01 Necesidades
de recursos e servizos do procedemento IA01 Xestión de
recursos materiais e servizos do Plan de Calidade

ANEXO X

Rexistro R1-DO0301 P1 Verificación/chequeo de
información pública do procedemento DO0301
Información pública e rendemento de contas do Plan de
Calidade